

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

A young girl with short brown hair is looking intently at a large, circular, glowing blue display of a constellation. A man with short dark hair is looking at the same display with a focused expression. The background is dark, suggesting a planetarium or a museum exhibit. The overall lighting is dim, with the primary light source being the glowing display.

---

# Visitas didáticas

Gaiás – Cidade  
da Cultura

2015/2016



Co obxectivo de permitir aos centros escolares planificar con antelación o seu calendario, avanzamos o programa de actividades didácticas da Cidade da Cultura no curso 2015/2016.

EXPOSICIÓN

## José Suárez

13 DE NOVIEMBRE 2015 -  
27 DE MARZO 2016

Museo Centro Gaiás  
Cidade da Cultura



A Cidade da Cultura de Galicia achégase aos comezos da fotografía a través dunha das figuras clave da fotografía do século XX: o galego José Suárez (Allariz, 1902-A Guarda, 1974), autor de series fotográficas marcadas polo humanismo e a revolución formal propia das vangardas artísticas. A mostra fará un percorrido pola historia da fotografía pero tamén pola cultura galega, as súas xentes, a intelectualidade de comezos de século e a diáspora.

As visitas didácticas á exposición terán como principal atractivo a experimentación nun laboratorio fotográfico instalado no Museo Centro Gaiás, especialmente deseñado para os escolares. As actividades pedagóxicas adáptanse a todo o alumnado: ciclo de infantil, primaria e secundaria, bacharelato, ciclo formativos medios e superiores, ciclos de colectivos con diversidade funcional...

### Máis información:


Consultar guía didáctica de José Suárez.

EXPOSICIÓN

# Historia da indumentaria e o téxtil en Galicia

11 DE MARZO 2016 –  
11 DE SETEMBRO 2016

Museo Centro Gaiás  
Cidade da Cultura



A partir de marzo, a Cidade da Cultura amosaralle ao alumnado o xeito de vestir dos galegos a través da historia. Podemos comprobar como vestía un castrexo, unha dama medieval, un nobre do século XVIII ou a burguesía do XIX inicio dos XX, ao tempo que asistiremos á evolución do traxe tradicional diferenciando do traxe burgués.

Coas visitas didácticas á exposición propoñemos unha viaxe pola historia a través da evolución da vestimenta e dos obxectos manuais e posterior industria que a favoreceu: desde a agulla neolítica, fusaiolas e pesas de tear castrexo/romanas ou teares tradicionais ata as máquinas de coser contemporáneas. Faremos un especial fincapé na moda galega dos anos 80 e 90, verdadeira etapa de esplendor neste eido en Galicia, e comprobaremos o presente e o futuro da moda galega.

As visitas guiadas estarán adaptadas a todos os ciclos educativos ao tempo que se levarán a cabo actividades didácticas de xogo, realización manual e experimentación en relación á historia da moda.



(\*) En febreiro enviarase aos centros información detallada sobre o contido das actividades e a información para inscribirse e reservar prazas.



NATUREZA

---

## Visitas ao Bosque de Galicia

A PARTIR DO 1 DE MARZO DE 2016

Bosque de Galicia  
Cidade da Cultura

O monte Gaiás, no que se atopa a Cidade da Cultura, conta desde 2015 coa nova área verde de Santiago de Compostela: o Bosque de Galicia. Un total de 24 hectáreas, con 6.000 árbores autóctonas e sendas peonís coas que gozar da natureza. A partir do 1 de marzo, a Cidade da Cultura convida á comunidade escolar a coñecer este espazo, comprobando as diferentes variedades arbóreas (desde castiñeiros a bidueiros ou frutais), coa posibilidade de realizar un traballo de campo cun álbum de recollida de mostras.

(\* En xaneiro enviarase aos centros información detallada sobre o contido das actividades e a información para inscribirse e reserva praza.





ESPAZOS

## Visitas arquitectónicas

TODO O CURSO

Cidade da Cultura



A Cidade da Cultura, a través dos seus equipos de guías, ofrece aos centros escolares a posibilidade de participar en visitas didácticas ao complexo arquitectónico adaptadas aos diferentes niveis educativos. Estas visitas poden ser organizadas como contido único ou ben como unha parte complementaria a alguna das outras actividades didácticas (visitas ás exposicións, Bosque de Galicia, etc).

**\*Aviso.** Os centros deberán ter en conta que nos próximos meses se están a levar a cabo actuacións de mellora e mantemento sobre as fachadas dos edificios da Cidade da Cultura, traballos que poden afectar ao percorrido destas visitas.

A young girl with her hair in a bun, wearing a bright red raincoat, is smiling and looking at a large red tray filled with wooden toys. An older woman with short blonde hair and glasses, wearing a pink jacket, is leaning over the tray and touching one of the toys. The background shows a brightly lit indoor space with colorful triangular flags hanging from the ceiling. A stroller is visible to the right.

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)



FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA